

1

TERMINOLOGÍA

ANTES DE comezar co estudo do fenómeno migratorio, cómpre establecer unha serie de definicións conceptuais para clarexalo ámbito terminolóxico no que se desenvolverá a análise.

- **Estatuto xurídico comunitario:** Aplícase ós nacionais doutros Estados membros da UE ou do Espacio Económico Europeo que non pertencen á UE, ós seus familiares e ós familiares de españois. Todos eles son documentados cunha tarxeta de residencia e non precisan de permiso de traballo para realizar unha actividade lucrativa.

- **Estatuto xurídico xeral:** Aplícase ó resto dos estranxeiros non adscritos ó réxime comunitario. Todos eles deben obter un permiso de residencia ou de traballo e residencia se desexan exercer unha actividade laboral.

- **Traballador estranxeiro:** Toda persoa física que, carecendo de nacionalidade española, exerza ou trate de exercer en España unha actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia ou allea (artigo 64.2 do Regulamento de

execución da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro).

- **Movemento migratorio:** Refírese ós cambios de residencia das persoas que se producen dentro dun territorio dado. Poden distinguirse catro formas de conceptualizar o fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e mais emigración exterior.

- **Inmigración interior:** Son as altas no Padrón de Habitantes que se rexistran en cada concello como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos de España.

- **Inmigración exterior:** Son as altas no Padrón de Habitantes que se rexistran en cada concello como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes do estranxeiro.

- **Emigración interior:** Son as baixas no Padrón de Habitantes que se rexistran no concello como consecuencia da saída dos seus residentes a outros municipios de España.

• **Saldo migratorio:** É o saldo resultante de restar ós dous tipos de inmigración (interior e exterior) a emigración interior. O saldo é positivo cando a inmigración é superior á emigración, e negativo cando a emigración supera á inmigración. Este saldo migratorio municipal, así obtido, está algo sobreestimado respecto ó saldo migratorio real, ó excluí-la emigración exterior. Pero ten gran utilidade, principalmente comparativa, dada a escasa relevancia que está tendo ultimamente a emigración exterior en España.

• **Taxa de migración:** É o saldo migratorio relativizado polo total da poboación [(saldo migratorio/total da poboación) x 1.000].

• **Tipos de permiso de traballo** (Lei Orgánica 4/2000 e R. D. 1551/996):

– Permiso de traballo por conta allea.

Tipo A.- Para realizar actividades de temporada ou de traballo de duración limitada (montaxe, reparación ou revisión de maquinaria, instalacións, equipos). Ten unha duración máxima de nove meses, incluída a prórroga, e non pode ser renovado. A autoridade poderá limita-la súa validez a un só empresario, contrato de traballo ou ámbito xeográfico.

Tipo b.- Para traballar nunha profesión, actividade e ámbito xeográfico concreto (inicial). A súa duración é a establecida no contrato de traballo, có límite dun ano.

Tipo B.- Permite desenvolver varias profesións ou actividades en todo o territorio nacional. (renovado). Ten unha duración máxima de dous anos e poden obtelo os titulares dun permiso tipo b (inicial) ó termo da súa vixencia.

Tipo C.- Permite desenvolver calquera actividade en todo o territorio nacional. A súa duración é de tres anos e poden obtelo os titulares dun permiso B (renovado) ó termo da súa vixencia.

– Permiso de traballo por conta propia.

Tipo d.- Para realizar unha actividade con-

creta (inicial). A súa duración é dun ano e a autoridade laboral poderá limita-la súa vixencia a un ámbito xeográfico determinado.

Tipo D.- Para realizar varias actividades en todo o territorio nacional (renovado). Ten unha duración de dous anos. Poden obter este permiso os titulares dun permiso tipo d (inicial) ó termo da súa vixencia.

Tipo E.- Para desenvolver calquera actividade, sen limitación xeográfica. Poden obter este permiso, que ten unha duración de tres anos, os titulares dun permiso tipo D ó termo da súa vixencia


– Outros permisos.

Tipo F.- Permiso de traballo pon conta allea ou propia para traballadores fronteirizos. Traballadores que desenvolven actividades lucrativas, laborais ou profesionais por conta propia ou allea nas zonas fronteirizas do territorio español e que regresan diariamente, ou ó menos unha vez á semana, á zona fronteiriza dun país veciño no que residen. A súa vixencia máxima é de cinco anos e ten carácter renovable.

Tipo G.- Permiso de traballo en marco de prestacións transnacionais de servizos. Autoriza a realización dunha actividade lucrativa, no caso de desprazamento temporal dun traballador estranxeiro que dependa, mediante expresa relación laboral, dunha empresa establecida nun Estado non pertencente á Unión Europea nin ó Espacio Económico Europeo, cando se dan unha serie de supostos.

Permanente.- Permite exercer calquera tipo de actividade, tanto por conta allea como propia, sen outro tipo de limitación que a derivada da titulación ou habilitación necesarias para o exercicio da actividade profesional. A súa duración é indefinida, con obrigación de renova-la tarxeta cada cinco anos. Este permiso pode obterse transcorridos cinco anos desde a concesión do primeiro permiso e as prórrogas correspondentes.

Extraordinario.- É un permiso pensado para



estranxeiros que contribuísen de forma notoria ó progreso económico ou cultural de España. Non ten limitación de vixencia, aínda que existe a obriga de renova-la tarxeta cada cinco anos. É válido para calquera actividade por conta propia ou allea e para todo o territorio nacional.

Traballadores de temporada.- Permiso temporal para a realización de actividades de temporada ou campaña no que dentro das condición de traballo se inclúe un aloxamento digno.

– Autorizacións laborais e outros documentos que autorizan a traballar.

Estudiantes.- Poderán, excepcionalmente, ser autorizados a realizar actividades lucrativas, sempre que sexan compatibles coa realización dos seus estudos e os ingresos obtidos non teñan o carácter de recurso necesario para o seu sustento ou estancia. Os contratos deberán formalizarse por escrito e axustaranse á modalidade de contrato de traballo a tempo parcial. Se é a xornada completa, a súa duración non poderá supera-los tres meses nin coincidir cos períodos lectivos.

Autorizacións colectivas.- Grupos ou equipos que realicen unha actividade de forma conxunta ou coordinada na realización dunha obra ou servizo determinado. A duración da autorización será a da obra ou servizo, sen que puidá supera-los seis meses nin ser obxecto de renovación.

Asilados.- O documento de identidade dos refuxiados e dos familiares ós que se lles recoñeza por extensión familiar habilita para o exercicio de calquera actividade lucrativa laboral ou profesional. Os solicitantes de asilo, unha vez admitida a trámite a súa solicitude, poderán obter un permiso de traballo sen que se teña en conta para a súa concesión a situación nacional do emprego.

Desprazados.- Teñen esta consideración os grupos de persoas desprazadas a consecuencia de conflitos ou disturbios graves de carácter político, étnico ou relixioso, sempre que formen parte dunha operación de acollida organizada polo Estado español. Unha vez documentados cun per-

miso de residencia, poderán ser autorizados a traballar.

Mariñeiros.- Enrolados en buques de bandeira española, ó abeiro de convenios internacionais. O duplicado da notificación de embarque ou renovación de contrato ten validez como permiso de traballo que lle habilita para traballar no buque sen ter un permiso de residencia, salvaguardando o dereito á estancias máis ou menos curtas con ocasión de escalas en portos españois. ■

